

ENTREVISTA | AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

ESCRITOR

«Nin de lonxe se me pasou pola cabeza ser un autor tan vendido»

O escritor lucense, premio nacional de Literatura Xuvenil 2008, está a piques de editar unha nova obra, «A lúa do Senegal», ambientada entre o país africano e Vigo

B. R. Sotellno

VIGO | Aínda que non o fai, Agustín Fernández Paz podería presumir de ser un dos autores galegos que máis libros vende polo mundo adiante. O escritor, premio nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 pola súa novela *O que queda é o amor*, tiña case preparada unha nova obra, *A lúa do Senegal*, ilustrada por Marina Seoane. O texto sufriu un parón froito da axitada axenda do autor tras o galardón e agora está a punto de saír ás librerías, editada por Xerais en galego. Máis tarde sairá con Anaya en castelán e con Barcanova en catalán.

—¿Cal é a historia que conta?

—É unha novela sobre a emigración que narra en primeira persoa a historia dunha rapaza de 12 anos que ten que vir do sur de Senegal porque o pai levaba uns anos en Vigo e pide a reagrupo familiar. O que conto é o proceso de adaptación da nena desde que chega ata que comeza o primeiro día de clase. Aínda que o tema é a emigración, non está abordado desde un punto de vista sociolóxico, senón o que predomina é o feito de cambiar de cultura, de lingua, de casa, de paisaxe... Todo é diferente, menos a lúa. De aí o título.

—¿Continúa no xénero da novela xuvenil con esta obra?

—Si. É para público xuvenil, como adoitan ser moitas das miñas obras, aínda que a poden ler os adultos encantados, e quizais a entenderán mellor.

—Vostede sempre aposta por ambientar as súas historias nas cidades que coñece. Neste caso, Vigo, onde vive...

—Si. Poño moitas veces o exemplo de Paul Auster. As súas novelas son sempre en Brooklyn porque el vive en Brooklyn e é obviamente a realidade que mellor coñece. Pois a miña novela pasa en Vigo aínda que hai frecuentísimos *flash back* sobre a vida da nena en Senegal.

—Pois a ver se Paul Auster chega a coñecer Vigo polas novelas de Fernández Paz, ¿non si?

—Non creo (risas). Pertence a unha cultura cunha capacidade de penetración moi grande en todo o mundo, e nós non a temos. Eu teño moita querenza por este autor. Non solo polas historias senón polo seu estilo que non entorpece á lectura e me sinto moi achegado a el nese aspecto.

—Non sexa modesto, que é



Agustín Fernández Paz, fotografiado en Vigo, onde vive | GUSTAVO RIVAS

un dos autores supervendas non en Galicia, senón en todo o país...

—É certo. Esta semana chegoume de Cataluña a décimo novena edición de *Cartas de inverno*, en catalán, cunhas tiradas que non me fan en Galicia. Ata me chama a atención chegar a tanta xente.

—E tamén é dos máis prolíficos, ¿certo?

—Iso o discuto amablemente. Teño moitos libros, pero levo moitos anos escribindo dun xeito constante. Son moitas horas tomando a escrita como unha actividade esencial na miña vida. Eu non me vexo prolífico porque paso moito tempo entre un traballo e outro. Deixo a terra a barbeito. Para min o adxectivo prolífico ten unha connotación coa que non me sinto conforme.

—¿Pensou algunha vez en que chegaría a ser «best seller»?

—Pois a verdade que que nin de lonxe se me pasou pola cabeza ser un autor tan vendido, pero benvindo sexa. Esa idea de que o mellor premio para un escri-

tor son os lectores, creo que é verdade.

—Vigo o coñece, pero ¿viaxou ata Senegal para ambientarse?

—Non, menos viaxar aló fixen de todo. Fixen unha investigación moi ampla. Lin todo o que hai sobre emigración senegalesa en España, vin moito cine senegalés, falei con persoas que estiveron na zona na cal sitúo o libro... Digamos que me documentei amplamente sobre a realidade que non coñecía. E creo que o conseguín.

—Tamén foi vostede un dos primeiros en Galicia que puxeron a nenas protagonizando historias na narrativa xuvenil...

—Pois, si. Xa vén de cando empecei a escribir. Daquela non había historias con rapazas de protagonistas, exceptuando aos clásicos. A intención miña, consciente, foi poñerlle remedio a iso. Quizais por idade correspondeume ser un dos que abriu camiño nese terreo. Logo se xuntou máis xente e está moito mais normalizado.

«O neno do pixama a raias» é un libro claramente infantil

Fernández Paz, vilalbés do 47 afincado en Vigo, segue loitando pola dignificación da literatura xuvenil.

—¿Non cre que hai moito escritor atrevido facendo contos para nenos?

—Eu teño moito respecto por todos os colegas, fagan o que fagan. Se ocorre iso, non creo que pase en maior medida que na literatura de adultos. O que si persisten son os prexuízos coa literatura infantil e xuvenil, aínda que diminuíron moito nos últimos anos. Aínda queda moita xente que non se achega a libros que están en coleccións infantís ou xuvenís, e cando lles pasan o mesmo libro para unha colección de adultos, si que o fan. É, por exemplo, o caso de *O neno co pixama a raias*, que é un libro claramente infantil.

—E falando de libros que se venden coma churros, ¿que opinión lle merece o fenómeno Stieg Larsson?

—Pois cando lin as dúas novelas que hai publicadas, nin durmín. É unha narrativa que transcende a dimensión tópica do *best seller*. É certo que ten a estrutura típica dos libros que buscan dirixirse a un público masivo, pero creo que en Larsson hai unha solidez argumental e unha escrita que engancha moitísimo e non te solta. Para min foi un pracer lelo. O primeiro o lin dúas veces para analízalo mellor e estou desexando que chegue xuño para que publiquen xa o terceiro. Páreceme un escritor extraordinario e está moi merecido o éxito que desgraciadamente non pode ver. Logo está o tinglado mediático, iso é outra cousa.

—¿O Premio Nacional de Literatura cambioulle en algo a vida?

—iNon, ho! Obviamente foi unha satisfacción moi grande e supón unha maior difusión do meu traballo, pero como me colleu xa de maior non creo que altere a miña escrita nin os meus costumes. Para min cada libro é coma se fora o primeiro. Por certo, que a entrega dos premios é o 23 de xuño en Teruel.